Ante as ameazas constantes ás nosas pensións, mobilicémonos na defensa dos nosos dereitos!

NOS últimos meses estamos a escoitar todo tipo de informacións sobre a viabilidade futura do sistema público de pensións, sobre a capacidade para pagar aos pensionistas actuais nos próximos anos, incluso se poderán seguir pagándose as pagas extras, etc.

Estamos ante as mesmas mentiras de sempre, por moi decoradas que estean por supostos "expertos". O que se pretende é xustificar o desmantelamento do sistema público e universal das pensións para favorecer os plans privados de pensións dos que se enriquece as grandes empresas e bancos que as xestionan.

A realidade é que as sucesivas reformas aprobadas, tanto polo PSOE como polo PP, das pensións e da Seguridade Social, fan cada vez máis difícil o acceso ás pensións contributivas, rebaixan as pensións de quen accede ao sistema e atrasan a idade efectiva de xubilación.

Nos últimos 6 anos pasamos a que en varios exercicios non se revisara o importe nominal das pensións, ou facelo por baixo da inflación, chegando a incumprir a lei para a súa actualización pola desviación do IPC, para no 2013 rematar coa anulación desta Lei. Esta última reforma das pensións executada polo PP elimina o IPC para incrementar as pensións e promove un duro recorte que pode reducir até nun 20% as pensións futuras sobre as mentiras do aumento da esperanza de vida.

Hoxe temos un empobrecemento maior dos pensionistas; case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, aumentándose a diferenza negativa. Así, en Galiza a pensión media está máis de 15 puntos por baixo da pensión media do Estado español. Especial mención cómpre facer tamén da discriminación das mulleres nas pensións contributivas por unha vida laboral máis precaria e con importantes lagoas de cotización, que xunto á feminización das pensións non contributivas, fai que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos estea baixo a liña da pobreza.

A todo isto sumase o roubo desde o Estado ás pensións dos/as emigrantes retornados, e o establecemento polo Partido Popular dos repagamentos, a retirada de medicamentos moi usados do financiamento público, e o recobro dos medicamentos que se dan nas farmacias dos hospitais, afectándonos especialmente aos pensionistas e enfermos crónicos, converténdose nun novo imposto á enfermidade e nunha grave dificultade para acceder á medicación aumentando o sufrimento das persoas.

Desde o COLECTIVO DE XUBILADOS/AS E PENSIONISTAS DA CIG temos claro que debemos propiciar a mobilización e a participación activa do colectivo das persoas pensionistas e xubiladas na esixencia de cambios na actual situación. É necesario que nos mobilicemos para que se deroguen todas estas políticas e reformas.

É urxente que saíamos a defender o sistema público de pensións, o poder adquisitivo das pensións, e o direito a que as pensións míminas sexan iguais ao SMI.

Colectivo de xubilados/as e pensionistas

CIG
Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.gal